

## **CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS XUVENÍS NO ANO 2016.**

A Concellería de Xuventude do Concello de Ourense procede a convocar axudas en materia de xuventude para o exercicio 2016, de conformidade coas bases reguladoras, aprobadas en XGL en sesión ordinaria o día 4 de febreiro de 2016 e posteriormente publicadas no BOP, o día 1 de marzo de 2016.

Con estas subvencións preténdese fomentar e consolidar a participación dos xóvenes na vida social, potenciando a súa capacidade de organización e autonomía dentro dos diferentes ámbitos sociais, facilitando o desenvolvemento de actividades por parte das asociacións xuvenís.

Esta convocatoria servirá para a racionalización de esforzos conxuntos no ámbito da xuventude, favorecer o asociacionismo e reforzar os lazos de cooperación e solidariedade social entre xóvenes, as súas organizacións e o resto da sociedade e institucións.

### **Primeiro.- Obxecto e Finalidade.**

O obxecto da presente convocatoria é subvencionar actividades en materia de xuventude dirixidas a mozos e mozas con idades comprendidas entre os 15 e os 35 anos, a realizar durante todo o ano 2016.

Entenderase como **actividades puntuais subvencionables** as seguintes:

**1.- Actividades dirixidas ao fomento e a participación do colectivo mozo e que se desenvolvan e realicen no termo municipal de Ourense.**

**2.- Programas de dinamización e animación xuvenil, sociocultural e psicosocial de carácter formativo ou de prevención de condutas de risco.**

**3.- Actividades de tempo libre e de lecer.**

**4.- Actividades relacionadas coa diversidade intercultural.**

**5.- Actividades para o fomento do espírito emprendedor e para incentivar os valores de creatividade, iniciativa, responsabilidade e innovación na educación e formación dos mozos/as.**

**6.- Actividades de mobilidade xuvenil.**

### **Segundo.- Crédito orzamentario**

A subvención regulada nesta convocatoria concederáse con cargo á aplicación orzamentaria **190.3370.48000** dos orzamentos do Concello de Ourense para o **exercicio 2016**, reservándose para tal fin o correspondente crédito do orzamento, por un importe globalmente considerado de **18.070,43 €**.

### **Terceiro.- Solicitudes: prazo e forma**

As solicitudes de subvención presentaranse no modelo normalizado que se achega coas bases reguladoras. Os impresos de solicitude da subvención (anexos) e canta información precise para a súa presentación, serán facilitados pola Concellería de Xuventude e na páxina web do Concello de Ourense ([www.ourense.es](http://www.ourense.es)).

As solicitudes serán dirixidas ao Excmo. Alcalde-Presidente do Concello de Ourense, achegando a

documentación solicitada nas bases reguladoras e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Ourense, sito na Praza Maior nº 1 ou en calquera dos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo de presentación de solicitudes será de **20 días naturais** dende o día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense